

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral denominado “bolsa de emprego do Concello de Mugardos”*

#### ANUNCIO

**Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral denominado “Bolsa de emprego do Concello de Mugardos”**

O Concello Pleno aprobou inicialmente, en sesión realizada o día 09/09/2013, a Ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral denominado “Bolsa de emprego do Concello de Mugardos; publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 178, de data 18 de setembro de 2013, e ten sido elevado a definitivo ao non terse formulado reclamacións contra o dito acordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade co artigo 70.2 da lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da data da súa publicación no BOP:

Mugardos, 31 de outubro de 2013

O alcalde

Xosé Fernández Barcia

#### ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL DENOMINADO “BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS”

##### LIMIAR

A evolución do mercado de traballo, o incremento do desemprego e a situación de crise fan necesario articular medidas e accións de atención constante e especializada dirixidas a aqueles colectivos con dificultades de inserción laboral.

A Bolsa de Emprego xestionada polo Concello de Mugardos ten coma finalidade que os demandantes de emprego e as empresas do noso municipio dispoñan dun medio máis que sume na mellora da eficacia e da eficiencia do mercado laboral.

A creación da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos vai dirixida, tanto as persoas do Concello que busquen un emprego ou que precisen cambiar de emprego, coma aos/as empresarios/as que buscan traballadores/as para a súa empresa, realizando unha labor informativa, poñendo en contacto a ambos os dous colectivos. Facéndose unha ferramenta áxil, transparente e eficaz á disposición do cidadán en xeral.

A documentación que figure nesta Bolsa de Emprego poderá ser empregada en procesos de selección de persoal laboral temporal do Concello de Mugardos.

Poderase empregar a Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos para proporcionar información sobre posibles candidatos/as ás empresas adjudicatarias de obras e demais servizos; atendendo aos criterios sociais das adjudicacións e contratos, cando estes o soliciten ao Departamento de Formación e Emprego.

En ningún caso a Bolsa de Emprego municipal se entende como un servizo que proporciona postos de traballo “in situ”, senón que colabora coa persoa demandante na busca dun emprego a través das ferramentas que se detallan neste documento.

##### NORMATIVA

**Artigo 1. Obxecto.** Esta ordenanza ten por obxecto regular a constitución e funcionamento da “Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos”. Esta bolsa de emprego está ideada para prestar un servizo de intermediación laboral a todas as persoas empadroadas no municipio, que sexan poboación activa, e proporcionar información a través de todos os medios dispoñibles, sobre as ofertas de emprego, formación e outros asuntos en materia de recursos humanos e promoción

económica que se reciben no Departamento de Formación e Emprego, para iso, todos os departamentos do Concello de Mugardos canalizarán por esa vía as ofertas de emprego que xeneren ou das que teñan coñecemento.

**Artigo 2. Ámbito de aplicación:** Poderán ser beneficiarias dos servizos da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos:

- a) Demandantes de emprego As persoas activas empadroadas en Mugardos que se atopen sen emprego e/ou que desexen mellorar a súa situación laboral.
- b) Ofertantes de emprego: particulares(relacións laborais de carácter especial),autónomos,empresas, entidades ou institucións que inicien procesos de recrutamento de persoal.

### Artigo 3. Definición

A bolsa de emprego xestionada polo Concello de Mugardos ten como obxectivos:

1. Intermediar laboralmente de xeito que a bolsa constituía unha ferramenta de conexión entre a demanda de emprego existente e as ofertas de emprego.
2. Establecer e afianzar contactos co sector empresarial da zona como estratexia facilitadora do acceso ao mercado de traballo.
3. Promover a inserción laboral dos traballadores e a súa formación continua a través de diferentes programas que lles facilite ou mellore as súas posibilidades de acceso a un posto de traballo por conta allea ou propia.
4. Favorecer redes de contacto con entidades e institucións relacionadas co emprego e a formación.

Deste xeito, esta bolsa de emprego constituiría un servizo adicional ao que presta o Servizo Público de Emprego de Galicia da Xunta de Galicia a través das Oficinas de Emprego.

A bolsa de Emprego, coma relación ordenada das persoas que voluntariamente solicitasen a súa inclusión, con destino a:

- A) Intermediación con empresas do ámbito de aplicación da Bolsa de Emprego
- B) Vacantes temporais producidas naquelas prazas de persoal do Concello, ben por baixas producidas por incapacidade laboral, vacacións ou calquera outra circunstancia, no caso de non existir unha "lista de substitución" ou se as mesmas non dan resposta as necesidades do Concello (non ter candidatos/as dispoñibles)

A inclusión na Bolsa de Emprego non supón en sí mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada, das persoas que poden ser chamadas para cubrir os postos xurdidos a través das distintas opcións que se recollen neste artigo.

Quedan excluídos da aplicación deste Regulamento:

No apartado B) deste artigo:

- Cando se trate de persoal contratado ao amparo de subvencións de carácter finalista recibidas de outra Administración ou Organismo Público, para o que se estará ao disposto nas normas específicas e de obrigado cumprimento que rexen ditas subvencións, tratándose de respectar no que sexa posible as disposicións contempladas neste Regulamento.
- Persoal que se contrate dentro das convocatorias específicas que se efectúen en razón de convenios subscritos polo Concello con outras entidades públicas tales como o Servizo Público de Emprego de Galicia, Servizo Público de Emprego Estatal, Escolas Taller, Obradoiros Emprego, etc.,.... Incluídas as propias do Concello,cando resulten incompatibles co uso da Bolsa de Emprego.
- Persoal de prácticas de formación, en virtude a convenios específicos cos distintos centros educativos.

**Artigo 4. Requisitos das persoas aspirantes.** Son requisitos para formar parte da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos:

- a) Ser maior de dezaseis anos. No caso de que a persoa demandante de emprego non teña a maioría de idade a solicitude deberá ir asinada polo representante legal ou titor/a da persoa solicitante.
- b) Estar empadroado/-a en Mugardos.

**Artigo 5. Inscripcións** Para realizar a inscrición na Bolsa de emprego do Concello de Mugardos a persoa candidata deberá:

- 1) Realizar a preinscrición: A persoa candidata poderá realizar a súa preinscrición das seguintes formas:
  - en modelo normalizado que figura como anexo I desta ordenanza, que ao efecto se lle entregará á persoa interesada, ou ben poderá descargalo na páxina web do Concello de Mugardos (impreso de preinscrición Anexo I).

- a través do enlace da páxina web do Concello de Mugardos

Unha vez cumprimentado o anexo I, presentarase no Rexistro do Concello dirixida ao Departamento de Formación e Emprego. Se a preinscrición fose realizada a través da páxina web os/as técnicos do Departamento de Formación e Emprego recibirán a preinscrición no seu correo electrónico e procederán a imprimila e rexistrala.

2) Realizar a entrevista de inscrición: A persoa candidata unha vez realizada a preinscrición será citada polo Departamento de Formación e Emprego, orientador ou no seu caso a Técnica. de Emprego, para realizar unha entrevista onde se formalizará a recollida de información e a súa inscrición na Bolsa de Emprego.

Artigo 5.1. Documentación esixida. Na entrevista de inscrición a persoa candidata presentará a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Fotocopia tarxeta de demanda de emprego.( para persoas inscritas no Servizo Público de Emprego)
- Currículo (cv).
- Anexo II (inscrición na Bolsa de Emprego)
- Autorización para comprobación do empadramento ou volante de empadramento.
- Autorización para protección de datos (Anexo IV).

Todos os datos incluídos no currículo, así coma nos impresos serán tratados baixo a máis estrita confidencialidade, e serán revisados e actualizados de forma periódica.

#### **Artigo 6. Funcionamento da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos.**

Artigo 6.1 Xestión das demandas de emprego. A atención ao público,a inscrición, renovación, modificación,e/ou baixa dos usuarios da Bolsa de Emprego farase a través do Departamento de Formación e Emprego; a través de cita previa que concertarán os propios técnicos.

O/A Técnico/-a de Formación e Emprego, orientador ou no seu caso a Técnica de Emprego, que realice a entrevista de inscrición levará a cabo as seguintes accións:

- Información sobre o funcionamento e normativa da Bolsa de Emprego.
- Entrevista persoal na que se recollerán os datos curriculares da persoa demandante e acreditacións. Asinaranse os anexos referentes á inscrición na Bolsa de Emprego (anexo II) e o anexo de protección de datos (anexo IV -autorización para protección de datos-). No caso de persoas menores de idade ou con discapacidade psíquica, a inscrición debe estar asinada polo representante legal.
- Inclusión dos datos máis importantes do currículo na base de datos creada para os efectos e asignaráselle un número de rexistro.

A inscrición na Bolsa de Emprego terá unha vixencia de 24 meses. Pasado este período de tempo a inscrición débese renovar, empregando o impreso que figura no anexo III desta ordenanza.

A persoa inscrita ten a obriga de comunicar ao Departamento de Formación e Emprego a modificación das súas circunstancias laborais, e de aqueles datos que integren o seu expediente persoal.

Calquera variación dos datos achegados á Bolsa de Emprego deberá comunicarse presentando a través do Rexistro ou entregando aos técnicos do Departamento de Formación e Emprego o impreso de modificación asinado, recollido no anexo II desta normativa, acompañado da documentación oportuna.

Se a persoa inscrita, por calquera motivo, quere darse de baixa na Bolsa de Emprego, deberá solicitala polos mesmos medios establecidos para a inscrición empregando o impreso do anexo III.

Artigo 6.2 Xestión das ofertas de emprego. Os/As empregadores/as que precisen incorporar as súas empresas a un traballador/a ou traballadores/as, deberán realizar a correspondente solicitude ao Departamento de Formación e Emprego do Concello de Mugardos, mediante a cumprimentación do impreso elaborado ao efecto, recollido no ANEXO V do presente regulamento, mediante unha breve descrición do perfil que deben cumprir as persoas candidatas.

O proceso de inscrición da oferta poderá formalizarse por dúas vías:

- A través do enlace da páxina web do Concello de Mugardos
- Ou directamente no Departamento do Formación e Emprego

En calquera dos dous procedementos deberán presentar o anexo V debidamente cuberto e asinado no Departamento de Formación e Emprego para que éste poda proceder ao envío de persoas candidatas .

Na entrevista de inscrición de oferta que se levará a cabo polos Técnicos do Departamento de Formación e Emprego clarexaranse dúbidas e informaráselle ao empregador/a sobre o funcionamento e a normativa da bolsa de Emprego.

Unha vez recibida a oferta de emprego, asignaráselle un número de rexistro de oferta para o seu control e arquivo e será mecanizada na aplicación informática “Bolsa de Emprego Concello de Mugardos”.

Tras unha preselección dos perfís dos/-as candidatos/-as máis apropiados/-as para o posto, se os houberse, o/a técnico/-a responsable da xestión da bolsa de emprego porase en contacto cos traballadores/-as inscritos/as preseleccionados/-as para informarlles da/-s oferta/-s e comprobar o seu interese en participar no proceso. Seguidamente remitirase unha copia dos currículos aos empregadores/-as solicitantes. A entrega dos currículos das persoas candidatas preseleccionadas aos solicitantes será inmediata trala comprobación da súa dispoñibilidade. A comprobación do interese do/-a candidato/-a, nos casos de urxencia, poderá ser obviado entregándose directamente os datos dos posibles candidatos á empresa ,co gallo de que ésta proceda a realizar a selección.

Unha vez entregados os currículos, o/a empregador/-a decidirá o método de selección das persoas candidatas preseleccionadas, quedando baixo a súa responsabilidade a tutela da confidencialidade dos currículos entregados.

Finalizada a selección, a empresa comprométese a destruír os currículos das persoas candidatas non contratadas. Soamente poderá quedarse cun ficheiro interno destes documentos no caso de que os traballadores/as sexan consultados previamente e dean o seu consentimento expreso.

No caso de non existir persoas candidatas que cumpiran os requisitos da oferta consultarase coa empresa a posibilidade de elaborar un anuncio que se pode dar a coñecer na web municipal e/ou no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **Artigo 7. Tipo de datos susceptibles de seren almacenados.**

Os datos susceptibles de seren almacenados das persoas candidatas serán:

- Nome e apelidos, dni, teléfonos, correo electrónico, enderezo, poboación e data de nacemento da persoa inscrita.
- Fotografía.
- Formación académica e extra académica: idiomas, informática, cursos, carnés etc.
- Experiencia profesional.
- Datos persoais que, libremente, a persoa inscrita desexa proporcionar.
- Ocupacións que demanda, formación do seu interese
- En ningún caso, e baixo ningún concepto, pediranse nin se aceptarán, datos relacionados coa etnia, preferencias sexuais, crenzas relixiosas nin similares.

O expediente persoal estará formado polo impreso de solicitude, a documentación achegada inicialmente e posteriores modificacións. Ademais incorporaranse os datos referidos ás xestións que se realicen sobre o expediente desde a Bolsa de emprego. Os seus datos serán incorporados a base de datos Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos.

Os datos susceptibles de seren almacenados das empresas ofertantes serán:

- CIF, razón social, nome comercial, persoa de contacto, enderezo, teléfonos de contacto, correo electrónico.
- Perfil da oferta: emprego/s solicitado/s, número de postos, número de candidatos solicitados, sexo, idade, lugar de residencia, colectivo, nivel de estudos, formación, idiomas, informática, certificado de profesionalidade, carné de conducir, tipos de carné, dispoñibilidade de coche.
- En ningún caso, e baixo ningún concepto, pediranse nin se aceptarán, datos relacionados coa etnia, preferencias sexuais, crenzas relixiosas nin similares.

O expediente da empresa estará formado polos impresos de solicitude de traballadores e a documentación achegada inicialmente e posteriores modificacións e/ou ofertas. Ademais incorporaranse os datos referidos ás xestións que se realicen sobre o expediente desde a Bolsa de emprego. Os datos da empresa serán incorporados a base de datos Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos

#### **Artigo 8. Dereitos e deberes**

Artigo 8.1 Dereito e deberes das persoas inscritas na Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos.

- As persoas candidatas inscritas no ficheiro de Emprego terán dereito a coñecer todos os artigos contidos no presente regulamento da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos, así como cantos cambios e modificacións se produzan no mesmo. Así mesmo, terán a obriga de respectar todos os artigos contidos neste regulamento ao igual que as modificacións ou cambios que se poidan introducir no mesmo.

- As persoas candidatas inscritas na Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos terán a obriga de ser veraces na descrición das súas aptitudes, formación, situación laboral e todos aqueles datos que proporcionen á persoa encargada da xestión do ficheiro. No caso de detectarse algunha anomalía ou contradición nestes datos, procederase a dar de baixa temporalmente (un ano) ou de xeito definitivo, en caso de reincidencia da persoa candidata da Bolsa de Emprego..
- Os/as traballadores/as inscritos/as na Bolsa de Traballo do Concello de Mugardos terán o dereito de comprobar os seus datos para actualizalos, modificalos ou dalos de baixa de xeito voluntario, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- As persoas candidatas inscritas na Bolsa de Traballo do Concello de Mugardos procederán á renovación transcorridos dous anos dende a súa inscrición na Bolsa de Traballo. Esta renovación realizarase durante o primeiro trimestre do ano a fin de indicar o seu interese en seguir pertencendo á mesma e actualizar os datos que considere oportunos; se isto non se realizase pasaría a considerarse baixa momentánea ata a súa actualización; se en dous anos non se houbera actualizado o currículo entenderíase que non desexa seguir utilizando o servizo e daríase de baixa definitiva.

#### Artigo 8.2 Dereitos e deberes das empresas inscritas na Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos.

- As empresas solicitantes terán dereito a coñecer todos os artigos contidos no presente regulamento da Bolsa de Traballo do Concello de Mugardos, así coma cantas modificacións e cambios se produzan no mesmo. Asemade, terán a obriga de respectar todos os artigos contidos neste regulamento ao igual que as modificacións ou cambios que puideran introducirse no mesmo.
- As empresas terán dereito a que a súa solicitude sexa atendida de xeito rápido e eficaz e que se lle entreguen os currículos das persoas preseleccionadas segundo o previsto no artigo 6 e estarán obrigados a tratar os datos dos candidatos segundo o previsto nos apartados de dito artigo.
- As empresas solicitantes deberán estar legalmente establecidas e cumprir coa normativa reguladora de dita actividade.
- No caso de detectarse algunha anomalía no proceso ou contradición, procederase a dar de baixa temporalmente (un ano) ou definitivamente en caso de reincidencia do empregador/a na Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos.

#### Artigo 9. Protección de datos.

Segundo a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de datos de carácter Persoal, os datos que incorpore o usuario neste ficheiro serán destinados para a finalidade descrita anteriormente, sendo o responsable do ficheiro o Concello de Mugardos, ante o que se deben exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dos datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal serán tratados co grao de protección adecuado, segundo o Real Decreto 944/1999, de 11 de xuño, tomándose as medidas de seguridade necesarias para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado por parte de terceiros que o poidan empregar para finalidades distintas ás desexadas polo usuario. Non está permitida a cesión de outros datos e a outras entidades diferentes do que se contempla nesta normativa.

#### Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

Mugardos, 9 de setembro de 2013

O alcalde

## ANEXO I

PREINSCRICION NA BOLSA DE  
EMPREGO CONCELLO DE MUGARDOS  
REXISTRO NÚM.:

## DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN E EMPREGO

D./Dña.		NIF:	
Enderezo:		Cód.Postal:	Localidade:
Data de nacemento:	Nacionalidade:	Permiso Traballo: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Teléfonos:	Correo Electrónico:		

## EXPOÑO

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos, publicada o día ..... no BOP.

## SOLICITO

A preinscrición na bolsa de emprego do Concello de Mugardos

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugardos e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Mugardos, na Avda. De Galicia, 45, 15620 Mugardos (A Coruña. Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

D./Dna. \_\_\_\_\_

con D.N.I. \_\_\_\_\_ e enderezo en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ Concello \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_

Teléfono de contacto \_\_\_\_\_

#### AUTORIZO

Ao Departamento de Formación e Emprego do concello de Mugardos para que solicite de oficio o volante de empadramento co motivo de inscribirme na Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos .

Mugardos, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura:

ANEXO II

INSCRICIÓN NA BOLSA DE EMPREGO  
CONCELLO DE MUGARDOS

REXISTRO NÚM.:

## DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN E EMPREGO

D./Dna.		NIF:	
Enderezo:		Cód.Postal:	Localidade:
Data de nacemento:	Nacionalidade:	Permiso Trabajo: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Teléfonos:		Correo Electrónico:	

## EXPOÑO

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos, publicada o día.....no BOP.

## SOLICITO

A inscrición na bolsa de emprego do Concello de Mugardos como

- Desempregado       Demandante de mellora de emprego

## ESTUDOS FINALIZADOS:

- Sen Estudos       BUP       FP1/CM.....       Diplomatura.....  
 EXB       FP2/CS.....       COU       Licenciatura.....  
 ESO       Bacharelato       Grao.....

- Postgrao ..... Estudiante de: .....  
 Certificado Profesionalidade ..... Nivel .....  
 Competencias Clave .....

## FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Cursos.....  
.....  
.....

INFORMÁTICA E TICS  Coñecementos nivel usuario  Coñecementos específicos en.....

IDIOMAS  Galego Nivel CELGA...  Español  Inglés  Francés  Alemán  Outros.....

PERMISOS CONDUCIR  Si  Non Tipo.....

MINUSVALÍA:  Si  Non Tipo..... COLECTIVO.....

## CARNÉS/CAPACITACIÓNS PROFESIONAIS

- Manipulador/-a alimentos       Manip. Prod. Fitosanit.       Socorrista       CAP Met didáctica  
 Tarxeta profesional construc.       Gruísta       Inst.font. e gas;calefacción       Inst. electricista  
 Competencia mariñeiro       Primeiros auxilios       CAP Transporte       Outros Especificar



## ANEXO II CONTINUACIÓN

## INTERESADO/-A NAS SEGUINTE OCUPACIÓNS (consultar listaxe )

Primeira	
Segunda	
Terceira	

## EXPERIENCIA PROFESIONAL ( por ocupación)

Experiencia 1		Meses
Experiencia 2		Meses
Experiencia 3		Meses

## RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- DNI ou.....  
 Curriculum Vitae

- Tarxeta de demandante de emprego  
 Outros.....

## LISTAXE OCUPACIÓNS

ADMINISTRACIÓN	COMERCIO E TRANSPORTES	CONSTRUCCIÓN	HOSTELERÍA E TURISMO	AGRICULTURA E PESCA
Aux. Administrativo Telefonista/recepcionist Administrativo/-a Arquivista/bibl. Contable Informático/-a Dipl relacions laborais Lcd. ADE Axente Desenrrolo local	Dependente comercio Dependente Gran. Sup. Caixeiro/-a Repoñedor/-a Mozo/-a Almacén Repartidor-a Comercial/Vendedor Vendedor/-a telef. Vix. Seguridade Condutor/-a Camións	Peón Construción Albanel Alicatador/-a Pintor/-a Xefe/-a de obra Delineante Condutor/-a excavadora, grúa e outra maq.	Camareiro/-a bar Camareiro/-a restau Axudante cociña Cociñeiro/-a Pasteleiro/-a Recepcionista Hotel Conserxe Camareiro/-a pisos Gobernante Tco./-a turismo	Peón Agrícola Peón forestal Tco medio ambiente Conductor/-a maq agric Xardiñeiro/-a Mariñeiro/-a Patrón embarcacións
OUTRAS PROFESIÓN	MONTAXES, INSTALACIÓNS E MANTEMENTOS	INDUSTRIA	ATENCIÓN PERSOAS NO FOGAR	SANIDADE E ATENCIÓN ESPECIALIZADA
Avogado/-a Animador/-A Sociocult Traballador/-a Social Arquitecto/-a Formador/-a Mestre/-a Deseñador/-a gráf Enx. Tco electric Enx.tco.indust mec Orientador/-a lab Sociólogo/-a	Carpinteiro/-a Madeira Carp.metal Fontaneiro/-a Electricista Mecánico Mecánico naval Caldereiro Tubero Soldador/-a Tco mantemento	Peón serv xerais Peón estradas Peón fábrica Modista Traballador/-a textil Carniceiro/-a Pescadeiro/-a Panadeiro/-a	Aux axud domicil Coidador nenos Empregado/a fogar Perruqueiro/-a Esteticista Masajista limpeza	Aux clínica Aux xeriatria Celador/-a sanit Enfermeiro/-a Médico/-a Psicólogo/-a Veterinario/-a Farmacéutico/-a Xerocultor/-a

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugardos e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercitar no domicilio social do Concello de Mugardos, na Avda. De Galicia, 45, 15620 Mugardos (A Coruña. Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

ANEXO III
RENOVACIÓN, MODIFICACIÓN OU BAIXA NA BOLSA DE EMPREGO CONCELLO DE MUGARDOS
REXISTRO NÚM.:

**DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN E EMPREGO**

D./Dna.		NIF:	
Enderezo:		Cód.Postal:	Localidade:
Data de nacemento:	Nacionalidade:	Permiso Traballo: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Teléfonos:		Correo Electrónico:	

**EXPOÑO**

Que estou inscrito/-a na Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos  
Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos, publicada o día.....no BOP.

**SOLICITO**

- A renovación da miña inscrición, xa que está próximo a vencer o prazo estipulado para este fin, e achego documentación que se relaciona máis abaixo.
- A modificación dos meus datos, segundo se explica máis abaixo (1)
- A baixa na Bolsa de emprego por.....

(1) Indique a continuación os datos que desexa cambiar ou engadir .

.....

.....

.....

.....

.....

Relación de documentación que achego para a Renovación e/ou Modificación

Relación de documentación que achego para a Renovación e/ou Modificación

.....

.....

.....

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugardos e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Mugardos, na Avda. De Galicia, 45, 15620 Mugardos (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

**ANEXO IV****AUTORIZACIÓN PARA PROTECCIÓN DE DATOS**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_

Os datos persoais contidos no Currículo que, en adiante, xestionará o Concello de Mugardos, a través da súa Bolsa Local de Emprego, gozan da protección prevista no Título II da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

Aos efectos da mencionada Lei Orgánica, fun informado previamente e declaro a exactitude e veracidade dos datos contados no mencionado Currículo e autorizo a súa utilización ao Concello de Mugardos mediante a súa Bolsa Local de Emprego, para a intermediación coas ofertas de traballo. Estes datos non se poden utilizar para finalidades incompatibles daquelas par as cales foron recollidas.

**Sinatura**

**Mugardos a, de do**

ANEXO V

INSCRICION OFERTA NA BOLSA DE  
EMPREGO CONCELLO DE MUGARDOS  
REXISTRO NÚM.:

**DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN E EMPREGO**

## DATOS EMPRESA

CIF	Razón Social	Nome Comercial	
Enderezo:		Cód.Postal:	Localidade:
Persoa de Contacto		Cargo	Teléfono Contacto
Fax		Correo Electrónico:	

**EXPOÑO**

Que coñezo o contido da Ordenanza da Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos, publicada o día.....no BOP.

**SOLICITO**

A inscrición da seguinte oferta na bolsa de emprego do Concello de Mugardos

Publicidade en medios da bolsa de emprego Concello Mugardos  Si  Non

## REQUISITOS DA OFERTA

<b>Emprego Ofertado</b> (Consultar listaxe)		<b>Nº Postos</b>	<b>Nº Candidatos Solicitados</b>	<b>Recepción de CV</b> <input type="checkbox"/> Correo Electrónico <input type="checkbox"/> Fax <input type="checkbox"/> Outros.....
<b>Sexo</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home...	<b>Idade</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Menor de 25 <input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 45	<b>Colectivo</b> <input type="checkbox"/> Discapacidade <input type="checkbox"/> RISGA <input type="checkbox"/> Mozo menor de 25 <input type="checkbox"/> PLD	<input type="checkbox"/> Maiores 45 <input type="checkbox"/> Emigrante <input type="checkbox"/> Mulleres con cargas familiares <input type="checkbox"/> Non colectivo especial	<b>Lugar Residencia</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Mugardos <input type="checkbox"/> Ferrolterra <input type="checkbox"/> Outros.....
<b>Nivel de Estudos</b> <input type="checkbox"/> Sen estudos <input type="checkbox"/> EXB <input type="checkbox"/> ESO				<b>Certificado de Profesionalidade</b>
<input type="checkbox"/> FP1/CM..... <input type="checkbox"/> FP2/CS..... <input type="checkbox"/> BUP <input type="checkbox"/> COU <input type="checkbox"/> Bacharelato <input type="checkbox"/> Diplomatura..... <input type="checkbox"/> Licenciatura..... <input type="checkbox"/> Grao.....				
<b>Titulación</b>	<b>Colectivo</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Menor de 25 <input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 45	<b>Idiomas</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Alemán <input type="checkbox"/> Outros	<b>Nivel CELGA</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Nivel I <input type="checkbox"/> Nivel II <input type="checkbox"/> Nivel III	<b>Informática</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Nivel usuario <input type="checkbox"/> Paquete Office <input type="checkbox"/> Outros.....

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugardos e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Mugardos, na Avda. De Galicia, 45, 15620 Mugardos (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

## ANEXO V CONTINUACIÓN

## REQUISITOS DA OFERTA

<b>Emprego Ofertado</b> (Consultar listaxe)		<b>Nº Postos</b>	<b>Nº Candidatos Solicitados</b>	<b>Recepción de CV</b> <input type="checkbox"/> Correo Electrónico <input type="checkbox"/> Fax <input type="checkbox"/> Outros.....
<b>Sexo</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home...	<b>Idade</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Menor de 25 <input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 45	<b>Colectivo</b> <input type="checkbox"/> Discapacidade <input type="checkbox"/> RISGA <input type="checkbox"/> Mozo menor de 25 <input type="checkbox"/> PLD	<input type="checkbox"/> Maiores 45 <input type="checkbox"/> Emigrante <input type="checkbox"/> Mulleres con cargas familiares <input type="checkbox"/> Non colectivo especial	<b>Lugar Residencia</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Mugardos <input type="checkbox"/> Ferrolterra <input type="checkbox"/> Outros.....
<b>Nivel de Estudos</b> <input type="checkbox"/> Sen estudos <input type="checkbox"/> EXB <input type="checkbox"/> ESO				<b>Certificado de Profesionalidade</b>
<input type="checkbox"/> FP1/CM..... <input type="checkbox"/> FP2/CS.....		<input type="checkbox"/> BUP <input type="checkbox"/> COU <input type="checkbox"/> Bacharelato	<input type="checkbox"/> Diplomatura..... <input type="checkbox"/> Licenciatura..... <input type="checkbox"/> Grao.....	
<b>Titulación</b>	<b>Colectivo</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Menor de 25 <input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 45	<b>Idiomas</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Alemán <input type="checkbox"/> Outros	<b>Nivel CELGA</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Nivel I <input type="checkbox"/> Nivel II <input type="checkbox"/> Nivel III	<b>Informática</b> <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Nivel usuario <input type="checkbox"/> Paquete Office <input type="checkbox"/> Outros.....

## LISTAXE OCUPACIÓNS

ADMINISTRACIÓN	COMERCIO E TRANSPORTES	CONSTRUCCIÓN	HOSTELERÍA E TURISMO	AGRICULTURA E PESCA
Aux. Administrativo Telefonista/recepcionist Administrativo/-a Arquivista/bibl. Contable Informático/-a Dipl. relacións laborais Lcd. ADE Axente Desenrrolo local	Dependente comercio Dependente Gran. Sup. Caixeiro/-a Repoñedor/-a Mozo/-a Almacén Repartidor-a Comercial/Vendedor Vendedor/-a telef. Vix. Seguridade Condutor/-a Camións	Peón Construcción Albanel Alicatador/-a Pintor/-a Xefe/-a de obra Delineante Condutor/-a excavadora, grúa e outra maq.	Camareiro/-a bar Camareiro/-a restau Axudante cocíña Cociñeiro/-a Pasteleiro/-a Recepcionista Hotel Conserxe Camareiro/-a pisos Governante Tco./-a turismo	Peón Agrícola Peón forestal Tco medio ambiente Conductor/-a maq agric Xardiñeiro/-a Mariñeiro/-a Patrón embarcacións
OUTRAS PROFESIÓNS	MONTAXES, INSTALACIÓNS E MANTEMENTOS	INDUSTRIA	ATENCIÓN PERSOAS NO FOGAR	SANIDADE E ATENCIÓN ESPECIALIZADA
Avogado/-a Animador/-a Sociocult Traballador/-a Social Arquitecto/-a Formador/-a Mestre/-a Deseñador/-a gráf Enx. Tco electric Enx.tco.indust mec Orientador/-a lab Sociólogo/-a	Carpinteiro/-a Madeira Carp.metal Fontaneiro/-a Electricista Mecánico Mecánico naval Caldereiro Tubeiro Soldador/-a Tco mantemento	Peón serv xerais Peón estradas Peón fábrica Modista Traballador/-a textil Carniceiro/-a Pescadeiro/-a Panadeiro/-a	Aux axud domicil Coidador nenos Empregado/a fogar Perruqueiro/-a Esteticista Masajista limpeza	Aux clínica Aux xeriatría Celador/-a sanit Enfermeiro/-a Médico/-a Psicólogo/-a Veterinario/-a Farmacéutico/-a Xerocultor/-a

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Mugardos e poidan ser empregados coa finalidade de prestarme o servizo solicitado nesta instancia e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercitar no domicilio social do Concello de Mugardos, na Avda. De Galicia, 45, 15620 Mugardos (A Coruña). Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos e/ou empresas que resulte necesario para tramitar o servizo solicitado.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_